

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión ordinaria da Xunta de Goberno que terá lugar o venres, 5 de agosto de 2016, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 14/16, do 15 de xullo.

Asesoría Xurídica

2.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se dispón o acatamento do auto do Xulgado do Contencioso Administrativo número 2 dos da Coruña, do 30.06.2016, recaído no PO 113/2016, interposto pola Fundación del Toro de Lidia sobre aprobación da moción sobre abolición das touradas.

3.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se dispón o acatamento da sentenza da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, do 29.06.2016, recaída no recurso de apelación nº 15005/2016, interposto por Ferroatlántica, SA, contra a sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 dos da Coruña, con data do 11.01.2016, recaída no recurso PO 12/2015, sobre tributos.

4.- Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se dispón a comparecencia no PA 181/2016 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 dos da Coruña, interposto por don Alberto Iván Paz Piñeiro, sobre responsabilidade patrimonial.

5.- Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se dispón a comparecencia no PA 195/2016, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 dos de Pontevedra, interposto por Comercial Ordóñez Dios CB e Jesús María Ordóñez Dios, sobre responsabilidade patrimonial.

Planificación e xestión de recursos humanos

6.-Aprobación da liquidación definitiva do complemento de produtividade do persoal das zonas recadatorias correspondente ao exercicio 2015.

ROGOS E PREGUNTAS